



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE ESTADA-PLATAFORMA SUSPENDIDA DE NIVEL VARIABLE OU ESTADA-PLATAFORMA ELEVADORA SOBRE MASTRO NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. _____, con D.N.I. _____,
en representación de _____,
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).
2. A estada-plataforma que pretende instalar na rúa _____, cumpre as disposicións específicas relativas a utilización de estadas de conformidade co Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, e, por ter a consideración de aparellos elevadores de persoas, co Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas, modificado polo Real Decreto 494/2012, de 9 de marzo, e:
 - Dispón de marcado "CE", declaración "CE" de conformidade e manual de instrucións, de acordo co establecido no Real Decreto 1644/2008, e das instrucións específicas do fabricante, provedor ou subministrador, sobre a montaxe, a utilización e a desmontaxe do equipo, de acordo co establecido no Real Decreto 1215/1997, e que ditas operacións realízanse na forma e nas condicións e circunstancias previstas en ditas instrucións.
 - Atópase debidamente homologada e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
 - Será montada e desmontada, modificada substancialmente ou inspeccionada no seu caso, baixo a dirección de D./Dna. _____, con D.N.I. _____, que posúe a formación universitaria ou profesional que o habilita para iso, e por traballadores que recibiron unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, que lles permite enfrontarse a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5 de Real Decreto 1215/1997.
 - Os traballadores que operarán a estada-plataforma están cualificados, posuíndo a formación preventiva necesaria para tal fin, de conformidade co Real Decreto 1215/1997.
3. Designa a D./Dna. _____, con D.N.I. _____, como recurso preventivo responsable das operacións de montaxe e desmontaxe da estada-plataforma, modificación substancial ou inspección no seu caso, de acordo co artigo 32bis "Presenza dos recursos preventivos" da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
4. Esta en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20____

O/A declarante,

A dirección montaxe
da estada-plataforma,

O recurso preventivo,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____